



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Cambón
C/ Oliva, 3-2º 36202 Vigo
Tel: 886 21 80 90 Fax: 886 21 80 94
e-mail información: iatlanticas@xunta.gal



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

XIV XORNADA FORMATIVA PARA PROFESIONAIS DO SECTOR TURÍSTICO SOBRE O PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Persoas destinatarias e criterios de admisión:

Esta xornada está dirixida a **persoal técnico, informadores/as e guías turísticos** con interese en coñecer os valores do Parque Nacional, o seu funcionamento e aspectos relacionados coa xestión de visitantes neste espazo protexido.

No caso de que o número de solicitudes supere as prazas ofertadas, realizarase unha selección baseada nos seguintes criterios: a relación entre o traballo actual do/a solicitante coa temática das xornadas, a súa profesión, os estudos académicos e a orde de chegada de solicitudes; ademais non deberán ter participado nas cinco últimas edicións destas xornadas nin no curso de formación de guías do Parque Nacional.

Nesta edición habilitaranse 40 prazas, das que 10 estarán reservadas inicialmente para aqueles participantes das edicións comprendidas entre 2006 e 2013 (ambas incluídas) que estean interesados/as en actualizar a información sobre os recursos, equipamentos e xestión do Uso Público do Parque Nacional.

Data e lugares de celebración:

Data de realización: Xoves 04 de abril de 2019.

Lugar: Auditorio do Centro Social do Mar (Bueu) e Illa de Ons. (No caso de mal tempo a xornada trasladarase ó Centro de Visitantes do Parque Nacional (Edificio Cambón, rúa Palma 4 -Casco Vello- Vigo)

Número de prazas: 40 (10 teñen prioridade os/as participantes de convocatorias entre 2006-2013)

Coordinador: José Antonio Fernández Bouzas; Director Conservador do Parque Nacional

Inscripcións: Cubrir formulario dispoñible en www.parquenacionalillasatlanticas.com (actividades formativas/divulgativas). Enviar o formulario de solicitude á dirección iatlanticas@xunta.gal ou entregar nas oficinas ou Centro de Visitantes do Parque Nacional en Vigo.

Data límite de inscrición: domingo 24 de marzo de 2019

Teléfonos de información do Parque Nacional: 886 218090 (de 9 a 14h de luns a venres)/ 886218082 (de 16:30 a 19:30 de martes a sábado, excepto festivos)

A listaxe de participantes admitidos publicarase na páxina web do Parque Nacional:

<http://www.parquenacionalillasatlanticas.com> o mércres 27 de marzo de 2019. As persoas admitidas que finalmente non poidan asistir deberán poñerse en contacto telefónico co Parque Nacional o antes posible a efectos de poder admitir a outros solicitantes que se atopen en lista de agarda. O feito de non comunicar con antelación (salvo causas debidamente xustificadas) a ausencia á xornada, será tido en conta para a participación en futuras edicións.

Para obter o certificado oficial de asistencia será obrigatorio ter asistido á totalidade da xornada.

A asistencia á xornada é gratuíta, incluíndo o transporte marítimo ás illas. O transporte ata o lugar de celebración da xornada (Auditorio de Bueu ou Centro de Visitantes no caso de chuvia) e a comida correrán a conta de cada participante.

Obxectivos da xornada:

- Dar a coñecer ós/ás profesionais relacionados/as co sector turístico os valores naturais e culturais do Parque Nacional, co obxecto de que estes/as difundan a información coa máxima precisión posible.
- Proporcionar ós/ás traballadores/as do sector turístico ferramentas e recursos que lles permitan informar ós potenciais visitantes do Parque Nacional sobre aspectos como os servizos, a normativa ou a xestión, dun xeito claro e preciso.
- Proporcionar ás persoas participantes unha canle de comunicación co Parque Nacional, de xeito que lles permita propoñer suxestións e actuacións de mellora no espazo, especialmente nos aspectos relacionados coa súa área de traballo.

Contidos:

- O Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia na Rede de Parques Nacionais. Composición e normativa básica.
- Valores naturais e culturais do Parque Nacional.
- Uso Público no Parque Nacional.
- O turismo no Parque Nacional. Papel dos informadores turísticos na divulgación dos valores do espazo protexido. Recursos e materiais de apoio.
- Visita práctica ó arquipélago de Ons.

Programa* (os horarios poderán sufrir modificacións por cuestións organizativas ou meteorolóxicas)

- 09:15h-09:30h: Presentación da xornada. (*Técnicos do Parque Nacional*).
- 09:30h-10:10h: Illas Atlánticas: Por que Parque Nacional?. Composición e normativa básica (*Técnicos do Parque Nacional*).
- 10:10h-10:30h: Sistema de autorizacións persoais de acceso ao Parque Nacional (*Técnicos do PN*).
- 10:30h-11:30h: Uso Público no Parque Nacional: A visita. O papel dos informadores de turismo na conservación e xestión do Parque Nacional. (*Guías intérpretes do Parque Nacional*).
- 12:00h-12:45h: Desprazamento á Illa de Ons
- 13:00h-14:45: Realización dun itinerario: recoñecemento de recursos naturais, culturais e servizos de atención ao visitante (*Guías intérpretes do Parque Nacional*).
- 15:00h-16:00h: Descanso para xantar.
- 16:00h-17:00h: Visita ao Centro de Visitantes da illa de Ons. Traballo práctico sobre os contidos tratados.
- 17:00h-17:30h: Preguntas, suxestións, entrega de certificados e avaliación da xornada (*Guías intérpretes do Parque Nacional*).
- 17:45h-18:30h: Regreso a Bueu.

***No caso de que non se poida ir a Ons por condicións meteorolóxicas adversas, a totalidade da xornada farase no Centro de Visitantes do Parque Nacional en Vigo, cun horario de 9:30h a 15:00h.**